

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **VINTESETE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia da 1ª Tte de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE**, tenente de Alcalde **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **JULIO MÉNDEZ CASTRO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á seguinte Orde do Día :

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**
- 2º.- EXPTE. 951/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E CARÁCTER URXENTE, DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES".**
- 3º.- EXPTE. 1265/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO.**
- 4º.- EXPTE. 1439/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/HA ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ATOPA DE BAIXA POR I. L. T.**
- 5º.- PROPOSTA DE ABONO DE CANTIDADE EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE AO TRABALLADOR FERNANDO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ.**

1º.- ACTAS ANTERIORES.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 9 de agosto de 2019



2º.- EXPTE. 951/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO E CARÁCTER URGENTE, DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES".

ANTECEDENTES:

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xuño de 2019 acordou:

"PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación urgente, das obras de **MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES**, cun orzamento base de Licitación de:

O valor **estimado do contrato** ascende á contía de 83.940,85 € euros (IVE excluído); (o IVE ascende a 17.627,58 €).

SEGUNDO.- Nomear como Director das Obras ó Enxeñeiro de Camiños, redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato."

Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

-Núm. de rexistro de entrada: 2.881, de 15 de xullo de 2019
Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS,S . L.

-Núm. de rexistro de entrada: 2.882, de 15 de xullo de 2019
Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.

Vistas as Actas da Mesa de Contratación, celebradas o día 05 de agosto de 2019, (Apertura Sobres A e B).

Visto o informe da valoración (xuízos de valor) das ofertas presentadas con arranxo aos criterios e as ponderacións establecidas no Prego, de data 07 de agosto de 2019, emitido polo Arquitecto Municipal.

Vista a Acta da Mesa de Contratación (Apertura Sobre C), celebrada o día 07 de agosto de 2019, na que se sinala:

"Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

- *ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. 92,80 puntos*

- *CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS,S.L. 99,00 puntos*



Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria da obra **MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2019-2020 (AGADER): CAMIÑO DE PIÑEIRO-ABADES** á Empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L."

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de agosto de 2019 acordouse:

"Primeiro.- ACEPTAR a proposta realizada pola Mesa de Contratación de data 07 de agosto de 2019, en relación a contratación da obra **por procedemento aberto de carácter urxente "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES"**, na que se propón para a contratación a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, polo prezo de **77.313,00 € mais IVE (16.235,73 €)**, así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes o da recepción deste acordo, presente a documentación sinalada na cláusula XVIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (Cláusula VIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares).

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante."

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida 2019-S-RE-267, de data 9 de agosto de 2019 requírese ó licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa que presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia a cláusula XVIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-244, de data 14 de agosto de 2019 o candidato CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. constituíu a garantía definitiva polo importe de 3.865,65 €, mediante aval de "Asefa S.A. Seguros y Reaseguros", de data 13 de agosto de 2019, n.º 28495/01/41/2019/2913, ademais dos documentos xustificativos esixidos.

Visto o informe de Intervención n.º 065/2019, de data 27 de agosto de 2019.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Adxudicar definitivamente á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. o contrato de **"MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES**, nas condicións do



expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 27 de xuño de 2019 e o acordo adoptado na sesión do 09 de agosto de 2019, sendo o **Prezo de Adxudicación: 93.548,73 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 77.313,00 € e no IVE 16.235,73 €.

3º.- EXPTE. 1265/2019. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xullo de 2019 acordou:

“PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a mellor relación calidade-prezo, para o servizo de PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira, e que se convoque a súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS anuais (55.000€), o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 326.22799 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas particulares que rexerán o dito contrato.”

Visto que publicado o anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

- Núm. de rexistro de entrada: 3.389. Empresa: GRUPO ACODE EDUCA, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.438. Empresa: MAIS ESCOLA, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.439. Empresa: COESCO, S. L. U.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.445. Empresa: ENRÉDATE TEMPO LIBRE. MANUEL GARCÍA LÓPEZ.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.452. Empresa: ALVALOP SERVICIOS XXI, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.454. Empresa: SERVIPLUS TOTAL, S. L.

Vistas as Actas da Mesa de Contratación, celebradas o día 14 de agosto de 2019 (Apertura sobres A e B).



Visto o informe da valoración (xuízos de valor) das ofertas presentadas con arranxo aos criterios e as ponderacións establecidas no Prego, de 16 de agosto de 2019, emitido pola Educadora Social do Concello.

Vista a Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 22 de agosto de 2019 (Apertura sobre C), na que se sinala:

“Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

- GRUPO ACODE EDUCA, S. L.: **5,51 PUNTOS.**
- MAIS ESCOLA, S. L.: **5,98 PUNTOS.**
- COESCO, S. L. U.: **7,07 PUNTOS.**
- ENRÉDATE TEMPO LIBRE. MANUEL GARCÍA LÓPEZ.: **EXCLUÍDO.**
- ALVALOP SERVICIOS XXI, S. L.: **5,82 PUNTOS.**
- SERVIPLUS TOTAL, S. L.: **4,24 PUNTOS.**

*Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do “**SERVIZO DE PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO**” á Empresa COESCO, S. L. U.”*

Considerando a oferta mais ventaxosa é a presentada pola empresa COESCO, S.L.U., a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realizada pola Mesa de Contratación de data 22 de agosto de 2019, en relación a contratación **DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira.**, na que se propón para a contratación á empresa **COESCO, S.L.U.**, polo prezo de 49.350,00.-€ mais IVE, así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **COESCO, S.L.U.**, dentro do prazo de dez días hábiles seguintes o da recepción deste acordo, presente a documentación sinalada na cláusula XIX do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o



Valor Engadido (Cláusula XX do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares).

4º.- EXPTE. 1439/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/HA ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ATOPA DE BAIXA POR I. L. T.

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, M^a Pilar Peón Iglesias de 27 de agosto, que literalmente dí:

“Visto o expediente de CONTRATACIÓN DE UN/UNHA ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR I. L. T. (Expdte Gestiona.-1439/2019).

*Visto que por parte do persoal técnico procedéuse á redacción das bases para aquela contratación
Proponse á XGL,*

Aprobar as referidas bases da convocatoria a fin de poder continuar co expediente de contratación.”

Á vista da documentación que figura no mencionado expediente, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2^a e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

APROBAR as bases para a CONTRATACIÓN DE UN/UNHA ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR ILT.

“BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA ADMINISTRATIVO/A COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR ILT.

1.- **OBXECTO DA CONVOCATORIA.-**



Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión dunha praza de administrativo/a en réxime laboral temporal, para substituír ao seu titular que se encontra en baixa por incapacidad laboral temporal

A contratación é como persoal laboral temporal a xornada completa. A modalidade será de contrato de interinidade por substitución durante a situación de baixa da traballadora MARIA MEIJOME VÁZQUEZ. O contrato estará condicionado á situación de baixa da referida traballadora.

A presente convocatoria publicarase íntegra na páxina web do Concello de Silleda (www.silleda.es) no Taboleiro de Anuncios do Concello, e un extracto da mesma nun diario de máxima difusión. En ditas publicacións especificarase o día, a hora e o lugar da selección.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.-

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as previstas na vixente lexislación, así como as que lle poidan encomendar a Alcaldía e os concelleiros/as delegados/as que garden relación coa súa función principal: ADMINISTRATIVO. GRUPO C. SUBGRUPO C1

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación.



Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e) Estar en posesión o en condición de obter o título de bachiller (LOE), bachiller (LOGSE), bachiller unificado equivalente (Ley 14/1970, de 4 de agosto, general de educación), bachiller superior (plan 1957), técnico/a (LOE), técnico/a (LOGSE), ou equivalentes a efectos académicos, ou tener aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

4.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente (según modelo que figura como ANEXO I das presentes bases) na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Deberá acompañarse copia compulsada do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente, así como copia compulsada da titulación referida no punto 3 apartado e) sobre requisitos dos aspirantes.

Igualmente aportarase (se é o caso) a acreditación de estar en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo)



O prazo de presentación de solicitudes será de 6 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria. A presentación das solicitudes farase no Rexistro do Concello de Silleda, en horario de 9 a 14 horas en días laborables. Si o último día coincide en domingo ou festivo prorrogarase ao día seguinte hábil.

Cando se envíen as proposicións por correo, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle á Secretaría do Concello de Silleda a remisión da solicitude o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto da convocatoria e o nome do/a candidato/a.

ADMISIÓN DE CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde dictará resolución aprobando a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, dispoñendo do prazo de tres días naturais para subsanar os defectos que motivaron a exclusión.

Na mesma resolución determinarase a data do exercicio da fase de oposición .

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

O Tribunal calificador encargado da valoración das probas e dos méritos para a provisión por concurso de méritos do posto estará constituído por un número impar de membros, debendo designarse o mesmo número de suplentes. Un dos membros actuará como Presidente e outro como Secretario do Tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no art. 60 do Estatuto Básico do Emprego Público.

A designación nominal dos membros do Tribunal, realizarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello. O tribunal poderá solicitar a incorporación de asesores/as naquelas probas que aconsellen requirir a opinión de técnicos especialistas, así como colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento das diferentes probas.

Os membros do Tribunal terán dereito pola súa concorrencia , ao pago das asistencias nas contías establecidas polo R.D. 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo, ou as actualizacións posteriores (orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005/ de 1 de decembro).

Os membros do Tribunal quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección, así como aquelas que non estean previstas nas presentes bases.



As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección dos aspirantes será de **concurso-oposición**. A puntuación máxima alcanzable será de **20 puntos**.

A. FASE DE OPOSICIÓN. (Ata 10 puntos)

Esta fase constará de:

1.- *Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. O temario ou programa de materias que ha de rexer as probas desta fase é o que figura no Anexo I destas bases. O exercicio: consistirá en contestar un cuestionario tipo test de VINTE (20) preguntas con respostas alternativas, sendo só una a correcta, e cuxo contido estará relacionado coa totalidade do programa de materias que figura no Anexo I das presentes bases.*

O tempo máximo para a realización do exercicio será de SESENTA (60) minutos. O exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

Corresponde ao Tribunal Cualificador determinar os criterios de corrección e establecer o número necesario de preguntas validamente contestadas para ser cualificado con cinco (5) puntos, todo iso á vista da dificultade do exercicio e grao de coñecementos alcanzado con referencia ao nivel esixido. Todas as preguntas terán o mesmo valor. As respostas correctas puntuarán positivamente, as preguntas non contestadas non terán valoración algunha.

2. *Segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles que non estean exentos da súa realización: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.*

Realizarase a continuación da proba de coñecementos, e consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima dunha (1) hora.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.



As persoas aspirantes que estiveren en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo) estarán exentos da realización desta proba.

B. FASE DE CONCURSO. *Nesta fase, voluntaria e non eliminatória, valoraranse os méritos debidamente acreditados polas persoas aspirantes que seguidamente se indican e iso segundo o baremo que para cada caso detállase. A valoración dos méritos só realizarase unha vez celebrada a fase de oposición e respecto das persoas aspirantes que superasen dita fase. En ningún caso poderá aplicarse a puntuación obtida nesta fase para superar os exercicios da fase de oposición. Todos os méritos alegados deberán posuírse no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non se valorarán os méritos que, no seu caso, acreditáronse como requisito.*

Valoraranse os seguintes méritos: EXPERIENCIA PROFESIONAL E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

B.1- Experiencia profesional:

A puntuación máxima posible para cada aspirante neste apartado será de 5 puntos.

a) Por experiencia profesional na administración en posto de categoría superior: 0,5 puntos por mes traballado

b) Por experiencia profesional na administración como administrativo. 0,25 puntos por mes traballado.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes.

Acreditarase, obrigatoriamente, mediante Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se presentaron, así como con certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, igualmente obrigatorio. (non se valorarán os méritos de servizos prestados si non se presenta a documentación anteriormente sinalada).

B.2- Cursos de especialización



Por estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 5 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

a) De máis de 120 horas duración: 0,75 puntos + 0,30 por cada 30 horas adicionais ata un máximo de 2 puntos por curso.

b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,75 puntos por curso.

c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.

d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

7. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN.

7.1. A data, lugar e hora de celebración dos exercicios publicaranse na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas.

7.2. Chamamentos.- Na data, lugar e hora que foron convocados os candidatos/as para a realización dos exercicio, o chamamento iniciarase comezando pola letra resultante do sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado de Función Pública (Ministerio de Facenda e Función Pública). A non presentación dun candidato ou candidata a no exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaimiento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo.



7.3. *Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaráas o comezo do exercicio e poderá requirirlles, en calquera momento do proceso selectivo, para que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.*

7.4. *No desenvolvemento dos exercicios estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.*

7.5. *A proba de avaliación do coñecemento de lingua galega, para aqueles que non estean exentos da súa realización, levarase a cabo unha vez finalizado o primeiro dos exercicios*

8.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Ao día seguinte dos exercicio da fase de oposición, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios, a relación das persoas aspirantes coas puntuacións obtidas e o persoal corrector do exercicio, determinando quen terá a consideración de non aptos, sendo eliminadas do proceso selectivo.

Finalizada a fase de oposición, o Tribunal fará pública a relación das persoas aspirantes que superaron esta fase, pola orde de puntuación total obtida na mesma. Nela indicárase aos aspirantes o lugar e o prazo para a presentación dos documentos acreditativos dos méritos que desexan someter á valoración do Tribunal na fase de concurso.

Transcorrido este prazo, o Tribunal fará pública a relación de puntuacións obtidas nesta fase por quen superou a fase de oposición, con indicación expresa da cualificación obtida en cada un dos méritos obxecto de valoración. Tralo prazo de solicitudes de revisión (3 días naturais) publicarase o resultado definitivo da devandita fase.

Concluídas ambas fases, o Tribunal fará público nos medios indicados o acordo definitivo sobre as cualificacións finais, que será a resultante de sumar á puntuación obtida na fase de oposición, a puntuación obtida na fase de concurso. No mesmo acordo designárase ao/a candidato/ha seleccionado/a, que será aquel/aquela que alcance a maior puntuación.

9.- SINATURA DE CONTRATO-



O/a seleccionado/a para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza e a partir da publicación da lista de aprobados/as, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

a) Copia compulsada do DNI.

b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.

c) Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se o/a seleccionado/a para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude. Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo -pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta do/a titular da praza.

Unha vez comprobado que o/as aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación. Incorporarase ao seu posto de traballo no prazo de cinco días logo da formalización do contrato laboral. Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

10.- DISPOSICIÓN FINAL.-



O proceso selectivo regularase polo disposto nas presentes bases e no que non esté previsto nelas, polo establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Texto Refundido da Lei de función pública de Galicia, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito previsto na Lei 39/2015, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativo.

Silleda, 6 de agosto de 2019

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ENCONTRA EN BAIXA POR ILT, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN NO CONCELLO DE SILLEDA.

D/D^a..... co D.N.I. núm....., con data e lugar de nacemento e con enderezo a efectos de notificacións en do Concello de código postal provincia de teléfono núm, enterado/a da convocatoria para cubrir UNHA praza de administrativo no Concello de Silleda

SOLICITO ser admitido/a no proceso selectivo ao que se refire a presente convocatoria,

DECLARANDO que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne tódalas condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- I) Copia cotexada do D.N.I. ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.*
- II) Acreditación da titulación exixida como requisito(copia compulsada)*



- III) *Acreditación de de estar en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo)*

En vista do que,

SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concurrir ó proceso selectivo incoado ó efecto da provisión do posto.

Solicito a adaptación para a realización das correspondentes probas selectivas.

Silleda a de de 2019

Asdo:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)

A N E X O II

TEMARIO

- 1. La Constitución española de 1978: Título VIII. Da Organización Territorial do Estado*
- 2. As fontes del dereito administrativo. A xerarquía das fontes. A lei. As disposicións do Executivo con forza de lei: decreto-lei e decreto legislativo. O reglamento: concepto, clases e límites. Outras fontes do dereito administrativo.*
- 3. Lei 40/2015, de Régimen Xurídico do Sector Público. Ámbito de aplicación e principios. Órganos administrativos e competencia. Órganos colexiados. A abstención e recusación. Relacions Interadministrativas: principios xerais das relacions interadministrativas.*
- 4. Funcionamiento electrónico do Sector Público en la Ley 40/2015.*



5. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (I): Disposicións xerais. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas.

6. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (II): Os actos administrativos: requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade. Disposicións sobr o procedemento administrativo común.

7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Título II Da actividade das Administracións Públicas.

8. Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto básico del empregado público: títulos I ao VII.

9. Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar, título I: capítulos I, II Y III.

10.- A organización municipal. Órganos necesarios: Alcalde, Tenientes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisiós informativas e outros órganos.

As competencias municipais: Sistemas de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. Os Servicios mínimos."



5º.- PROPOSTA DE ABONO DE CANTIDADE EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE AO TRABALLADOR FERNANDO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ.

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Mónica González Conde, de data 27 de agosto de 2019, que literalmente dí:

*“Visto o escrito presentado por D. Fernando Rodríguez Vázquez en data 27 de agosto de 2019 no que solicita a compensación por traballos realizados como personal municipal do departamento de electricidade
Vista a relación de traballos realizados polo citado traballador en data 3 de xaneiro d, 4 13, 15, 18 e 27 de febreiro; o 22 de maio; os días 12, 17, 30 e 31 de xullo, así coma o 2, 23 e 24 de agosto, con reparacións en distintas instalacións municipais, reparacións con grúa e instalacións necesarias para a celebración de distintas festas e actividades durante o verán*

Visto o artigo 53 do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello Silleda establece a regulación de gratificacións por incentivos que recolle o seguinte:

NORMAS COMÚNS ÁS GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS OU INCENTIVOS

- a) Quedarán condicionadas á efectiva prestación dos servizos que se retribúen.*
- b) Non crearán dereitos adquiridos para o traballador/a e suspenderanse ao cesar no desempeño do posto de traballo que a teña asignado.*
- c) Mensualmente, os xefes remitirán á unidade de Persoal, nos impresos facilitados para tal efecto, para a súa inclusión na nómina, a relación valorada en que se faga constar os traballadores/as que prestaran o servizo.*

De conformidade con dito artigo, e en base a traballos de carácter excepcional realizados fora da xornada por distintos traballadores.

Para a fixar os distintos importes tívose en conta o tempo adicado, o horario no que se fixo, e a natureza das distintas tarefas.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL :

Acordar a concesión da cantidade de 610,30 euros en concepto de productividade a D. Fernando Rodríguez Vázquez, incorporando dita cantidade á nomina correspondente ao presente mes de agosto.”

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** prestar aprobación a proposta da Concelleira de Cultura, de data 27 de agosto de 2019 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo a Intervención ós efectos oportunos.



E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e vintedous minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 27 de agosto de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández
Méndez Castro

O SECRETARIO acctal.
Asdo. Julio

